

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Convocatoria becas**

CONVOCATORIA DE BOLSAS CONCELLO DE VIGO PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV), CORRESPONDENTE AO ANO 2016, (EXPTE. 17412/332)

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 12/11/2015 aprobou as Bases reguladoras e convocatoria específica das Bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro do alumnado da Escola de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2016, coas seguintes características básicas:

Destinatarios: Alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV)

Destinos, número de Bolsas a conceder e contías

N.º DE BOLSAS	DESTINO	DISTRIBUCIÓN POR NIVEIS	CONTÍA/BOLSA EUROS	IMPORTE TOTAL EUROS
34	Londres	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1. 665,00	56. 610,00 €
5	París	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1. 970,00	9. 850,00 €
2	Berlín	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1. 680,00	3. 360,00 €
2	Roma	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1. 680,00	3. 360,00 €
2	Lisboa	Avanzado I e II	1. 580,00	3. 160,00 €
1	Tokio	Intermedio II e III e Avanzado I	1. 925,00	1. 925,00 €
1	Pekín	Intermedio I, II e III	1. 735,00	1. 735,00 €
47				80.000,00 €

Presentación de solicitudes e prazos

As solicitudes, conforme ao modelo oficial que se inclúe nas Bases reguladoras, deberán presentarse no Rexistro xeral do Concello de Vigo, no prazo de oito días hábiles (incluídos sábados) contados a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no BOP.



Obtención da documentación e información

As bases poderán consultarse, e descargárense os formularios de solicitude, na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org —apartado convocatorias— e na da EOI www.eoidevigo.org

Na sede central da EOI de Vigo existirá, así mesmo, un punto permanente de información e axuda á xestión ata o remate do prazo de presentación de solicitudes.

A Concelleira de Educación, Olga Alonso Suárez.

